



Carlos Pardo naceu en Madrid en 1975. Comezou a estudar Letras, máis tarde desempeñouse como libreiro e actualmente traballa nunha editorial. Antes diso, dirixiu unha revista anónima coa editorial Pre-Textos, colaborou regularmente na sección de cultura do xornal Público e, de 2004 a 2011, dirixiu en Córdoba o Festival Internacional de Poesía Cosmopoética, Premio Nacional de Fomento da Lectura en 2010.

No seu labor de editor e activo divulgador da poesía, tanto ten epilogado a Ángel González: *Tratado de urbanismo* (2006, 2008) como prologado a Tranströmer: *El cielo a medio hacer* (2010). Así mesmo, xunta José Manuel Mariscal preparou a edición de *Hace falta estar ciego. Poéticas del compromiso para el siglo XXI* (2003) e, canda Elizabeth Zuba, a de *La familia americana. Antología de nueva poesía de Estados Unidos* (2010). Ademais disto, o ano pasado Carlos Pardo estreouse na novela con *Vida de Pablo*.

Publicou os libros de poemas *El invernadero* (1995), *Desvelo sin paisaje* (2002) e *Echado a perder* (2007), polos que recibiu os premios Hiperión, Emilio Prados e Generación del 27 respectivamente. Os tres títulos, ademais, foron reunidos en Uruguay co título *Hacer pie. Poemas reunidos* (2011). Autor de proxección internacional e cabeza visible da súa xeración, constitúe unha das voces sobranceiras da nova poesía española.

Minimalismo

Dibuja un cero alrededor de la toalla de su padre.

Trabaja para la memoria del mundo.

Como yo cuando vierto en el cuaderno los residuos de la experiencia.

Como tu ojo que olvida los poemas pequeños.


← (CARLOS PARDO)

Luns 8 de outubro

20:30
Centro Sociocultural
ÁGORA

| Rúa Ágora s/n [continuación R/Mosteiro de Caaveiro] |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS



MINIMALISMO
Dibuja un cero alrededor de la toalla de su padre.
Trabaja para la memoria del mundo.
Como yo cuando vierto en el cuaderno los residuos de la experiencia.
Como tu ojo que olvida los poemas pequeños.

María do Cebreiro



María do Cebreiro naceu en 1976 en Santiago. Ademais de poeta e ensaísta, é Doutora en Teoría da Literatura e actualmente exerce como investigadora posdoutoral na Universidade da súa cidade natal, onde coordina o grupo de investigación Rosalía de Castro (<http://gruporosaliadecastro.org>).

Como ensaísta publicou os libros *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica* (2004), Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica, *As terceiras mulleres* (2005) e *Fogar impronunciado. Poesía e pantasma* (2011). Coordinou a mostra de poesía galega contemporánea con traducións ao inglés *A poesía é o gran milagre do mundo* (2001), traduciu para o galego a novela *Tres vidas* (2005) de Gertrude Stein e tamén pezas do cancionero afroamericano en *Damas Negras* (2002).

En 1998 viu a luz o seu primeiro libro de poemas, *O estadio do espello; seguiulle (nós, as inadaptadas)* (2002), accésit do Premio Esquío, e máis tarde *Non queres que o poema te coñeza* (2004), galardoado co Premio Caixanova de Poesía. De 2005 é *O barrio das chinesas* (2005) e ao ano seguinte saíu *Os Hemisferios* (2006). *Objetos perdidos* (2007) compila obra súa en tradución ao castelán. Os seus últimos títulos poéticos son *Cuarto de outono* (2008) e *Non son de aquí* (2009), traducido ao inglés baixo o título *I am not from here* (2010). Ademais, en colaboración co deseñador gráfico Xosé Carlos Hidalgo Lomba deu ao prelo os libros *Poemas históricos* (2011) e *O grupo* (2012). Xunto con David Miranda forma parte do grupo musical Bangor: o disco *Lembrarás este cuarto?* (2011) contén versións musicais dos seus poemas.

Poesía erótica

*Coa intelixencia, agora.
Non coas mans.*

A loita ás veces gáñase na mente.

As mulleres escriben.

*O poema ten corpo.
O amor non ten medida.*

Ningún falou de amor neste poema.



(MARÍA DO CEBREIRO)

Luns 8 de outubro

20:30
Centro Sociocultural
ÁGORA

| Rúa Ágora s/n [continuación R/Mosteiro de Caaveiro] |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS

Carlos Pardo

